

Xosé Manuel Portela Fernández, presidente do Comité de Empresa

O Comité de Empresa, en reunión realizada o día 25 de outubro de 2011, por unanimidade dos presentes

ACORDA

Instar á Xerencia a publicación das convocatorias xa informadas por este Comité. En concreto:

Técnico superior en relacións internacionais informado o 9 de xullo de 2010.
Técnico especialista de laboratorio con informe sobre temarios do 13 de setembro de 2010 e acordo informado sobre o proceso de execución do 27 de xullo de 2011.

Lembrámoslle, tamén, que se realizaron modificacións substanciais nos temarios de:

Técnico grado medio en relacións internacionais
Técnico especialista en deseño gráfico.

Este Comité de Empresa requírelle a publicación das modificacións canto antes e entende que son da suficiente transcendencia como para precisaren unha nova apertura de prazo de inscrición.

Proximamente enviaremos os informes de:

Arquitecto – Xefe do servizo
Técnico superior en mantementos
Arquitecto técnico
Delineante
Técnico grado medio en prevención de riscos laborais (Especialidade de Seguridade)
Técnico grado medio en prevención de riscos laborais (Especialidade de Hixiene)

Recordámoslle que non recibimos, para a súa valoración, as convocatorias de:

Técnico superior en sistemas mecánicos
Técnico prevención riscos laborais – Xefe do servizo

É especialmente importante para o Comité de Empresa que as prazas informadas desde fai tanto tempo se proceda á súa publicación de xeito inmediato.

Atentamente.

A Coruña, 31 de outubro de 2011



Xosé Manuel Portela Fernández

SEÑORA XERENTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA